

ACTIVIDADES

- "Pensamentos urxentes: mirar, pensar, escribir": Javier Gomá. Fundación Luis Seoane
- "Mercado das Nubes", Mercado de Nadal San Agustín
- "Revolution on Ice" no Coliseum
- Proxección de "San Dalmacio, un segredo a voces". Fórum Metropolitano
- San Silvestre 2019. Club Deportivo Rialto e Servizo Municipal de Deportes
- Axenda de concertos destas semanas na Coruña

BOLSAS

- Axudas para participar no programa "Recuperación e Utilización Educativa de Pobos Abandonados". Ministerio de Educación e Formación Profesional
- Axudas para participar no programa nacional "Centros de Educación Ambiental". Ministerio de Educación e Formación Profesional

CURSOS

- Actividades socioculturais no Centros Cívicos Municipais. Concello da Coruña
- Curso de mediación no ámbito educativo. Centro UNED A Coruña

CONCURSOS

- Concurso de fotografía #NadalenTranvias. Compañía de Tranvías da Coruña, S.A
- XV Premio de Narración Curta "Diario marciano". Concello de Curtis

VARIOS

- Recollida de xoguetes en Cáritas. Cáritas Interparroquial A Coruña
- Sorteo dunha fin de semana de esquí en Manzaneda. D.X. Xuventude
- Grupos de Apoio Mutuo. Espazo Municipal das Diversidades Sexuais e Identidades de Xénero

ACTIVIDADES

"Pensamentos urxentes: mirar, pensar, escribir": Javier Gomá

"Pensamentos urxentes: mirar, pensar, escribir" é un espazo de reflexión e intercambio de ideas da Fundación Seoane que aborda cada mes aspectos do pensamento contemporáneo a través das obras de autores actuais.

O mércores 18 de decembro remata a 2ª edición do ciclo, que comezou en outubro de 2019, co filósofo Javier Gomá, que falará da súa última obra "Dignidad" (Galaxia Gutenberg, 2019)

CANDO: 18 de decembro de 2019

HORARIO: 20.00 h.

PREZO: entrada gratuíta ata completar capacidade

LUGAR / INFORMACIÓN:

Fundación Luis Seoane

San Francisco, 27 (15001 - A Coruña)

Tel.: 981 216 015

correo-e: info@fundacionluisseoane.gal

Web: <http://fundacionluisseoane.gal/>



Mercado de Nadal San Agustín

O Mercado de San Agustín acolle este Nadal o "Mercado das Nubes", un lugar onde poder atopar unha selección de produtos de novos creadores textís, de artesáns e deseñadores ou artigos gourmet, de segunda man e vintage.

Tamén haberá espazo para escoitar música en directo, visibilizar proxectos e iniciativas comerciais singulares e alternativas de ocio para os máis pequenos.

CANDO: do 20 ao 22 de decembro de 2019

LUGAR: **Mercado Municipal de San Agustín**
Praza San Agustín, 1 (15001 - A Coruña)

MÁIS INFORMACIÓN:

Mercado das Nubes

Tel.: 981 90 90 12

correo-e: produccion@oceano-azul.es

www.facebook.com/mercadodasnubes

www.mercadodasnubes.com



"Revolution on Ice" no Coliseum

"Revolution on Ice" é a xira que traerá á Coruña ao patinador Javier Fernández nun show revolucionario que fusiona patinaxe sobre xeo e música dunha maneira máxica.

Coa dirección musical de Carlos Jean e a actuación de Blas Cantó e Belén Aguilera, contará ademais coa presenza dos mellores patinadores do mundo.

CANDO: 21 de decembro

HORARIO: ás 19:30 h.

LUGAR: **Coliseum**

R/ Francisco Pérez Carballo 2 (15008 - A Coruña)

PREZO: a partir de 21 €

*venta de entradas: en [El Corte Inglés](http://ElCorteIngles)

MÁIS INFORMACIÓN:

Revolution on Ice

Correo-e: info@revolutiononice.com

www.facebook.com/RevolutionOnIce



ACTIVIDADES

Proxección de "San Dalmacio, un segredo a voces"

O Fórum Metropolitano acolle este mes a estrea de "San Dalmacio, un segredo a voces", un documental dirixido por Jose Antonio Jiménez García sobre os inicios da industria da dobraxe en Galicia.

Este documental recolle as opinións e anécdotas dos protagonistas e tamén os problemas que foron xurdindo nestes 37 anos de dobraxe en Galicia, unha industria que tanto fixo polo ben do idioma galego.

CANDO: 28 de decembro de 2019

HORARIO: 17.00 h (duración: 210 min)

PREZO: entrada gratuita ata completar a capacidade

LUGAR / INFORMACIÓN:

Fórum Metropolitano

C/ Río Monelos, 1 (15006 - A Coruña)

Tel.: 981 184 293

correo-e: forum@coruna.es

www.facebook.com/ForumMetro

Web: www.coruna.gal/cultura



San Silvestre 2019

O Club Deportivo Rialto, coa colaboración do Servizo Municipal de Deportes do Concello da Coruña, organiza a X San Silvestre Coruña.

CANDO: 31 de decembro de 2019

LUGAR:

- As probas infantil A e infantil B disputaranse sobre un circuíto pechado en **O Parrote**
- A proba absoluta disputarase sobre un percorrido de 7.250 m. aprox. totalmente urbanos e sobre superficie de asfalto, con saída e chegada a **O Parrote**

HORARIO:

- Infantil A: saída ás 16:00 h.
- Infantil B: saída ás 16:15 h.
- Absoluta: saída ás 17.00 h.

REQUISITOS:

- Por idades establécense as seguintes categorías de participación:
 - percorrido absoluto (+/- 7250 m.): maiores de 11 anos
 - infantil A (+/- 350 m): entre 7 e 8 anos
 - infantil B (+/- 500 m): entre 9 e 10 anos
- Os menores de 14 anos inscribíranse achegando os datos dun titor legal ou cun xustificante paterno-tutorial

INSCRICIÓNS: presencial nos centros da Coruña do Corte Inglés ata o 21/12/19 ou nas webs www.championchipnorte.com e <https://sansilvestrecoruna.com> ata o 26/12/2019 ás 23:59 h. ou ata que se esgoten os 4.500 da proba absoluta e os 400 das probas infantís

PREZO:

- proba absoluta: 12€ (10€ se posúe chip en propiedade)
- probas infantís: 5€

MÁIS INFORMACIÓN:

Telefono de información municipal: 010

correo-e: sansilvestrecoruna@gmail.com

www.facebook.com/sansilvestrecoruna

Web: <https://sansilvestrecoruna.com>

*DOCUMENTO: [Regulamento \(1 MB\)](#)



ACTIVIDADES

Axenda de concertos na Coruña

Programación de ata final de 2019 nas salas de concertos e outros espazos da cidade

Fórum Metropolitano. R/ Río Monelos, 1 (15006 - A Coruña)

www.facebook.com/ForumMetro

sábado 21 ás 19.30 h.: **XACARANDAINA**. Entradas: gratis

Teatro Rosalía. R/ Riego de Agua, 37 (15001 – A Coruña)

www.coruna.gal/cultura

venres 27 ás 20.30 h.: **CARLOS NÚÑEZ**. Entradas: de 13€ a 27€

Pazo da Ópera. Glorieta América (15004 - A Coruña)

www.palaciodelaopera.com

luns 30 ás 20.30 h.: **JOHANN STRAUSS** *Gran Concerto de Ano Novo*. Entradas: desde 30€

Teatro Colón. Avda. da Marina, 7 (15001 - A Coruña)

www.facebook.com/TeatroColonACoruna/

xoves 19 ás 20.30 h.: **LEÓN BENAVENTE**. Entradas: 25€

sábado 21 ás 20.30 h.: **MISSISSIPPI MASS CHOIR**. Entradas: 20€/30€

Coliseum. R/ Francisco Pérez Carballo 2 (15008 - A Coruña)

www.coruna.gal/cultura

sábado 28 ás 22.00 h.: **ESTOPA**. Entradas: de 25€ a 60€

Sala Filomatic. R/ San José (15002 – A Coruña)

www.facebook.com/salafilomatic

venres 21 ás 21.30 h.: **CRIMSON & CLOVER + NORDÉS + THE WONDERMINDS**. Entradas: 3€

Playa Club. Plataforma de Riazor s/n (15011 - A Coruña)

<http://playaclub.club/programacion>

venres 21 ás 22.30 h.: **FREEDONIA**. Entradas: 18€/20€

Sala Mardi Gras. Travesía da Torre, 8 (15002-A Coruña)

www.facebook.com/salamardigras

venres 20 ás 21.45 h.: **A BANDA DO CAMIÓN**. Entradas: 10€

sábado 21 ás 13.30 h.: **DIPLOMÁTICOS DE MONTE ALTO**. Entradas: 10€/12€

domingo 22 ás 18.00 h.: **LOS PLUTONES**. Entradas: 5€

luns 23 ás 22.00 h.: **EXIT**. Entradas: gratis

xoves 26 ás 22.00 h.: **THE TWIST CONNECTION**. Entradas: por determinar

venres 27 e sábado 28 ás 22.00 h.: **"PUNK PARA PERRETES"** (concertos benéficos)

Bábá Bar. R/ Pérez Cepeda, 23 (15004 - A Coruña)

www.facebook.com/baba.bar.7

xoves 19 ás 21.00 h.: Concerto **ALUMNAS/OS CARMEN REY**. Entradas: gratis

venres 20 ás 22.00 h.: **ASTROGIRL**. Entradas: 6€

sábado 21 ás 22.00 h.: **CALMA CHICHA**. Entradas: 5€

xoves 26 ás 21.00 h.: **KING OF NOTHING**. Entradas: por determinar

venres 27 ás 22.00 h.: **NANA SWAN**. Entradas: por determinar

sábado 28 ás 22.00 h.: **BATITAL**. Entradas: por determinar

Sala Garufa Club. R/ Riazor, 5 (15004-A Coruña)

www.facebook.com/SalaGarufaClub

xoves 19 ás 22.30 h.: **AGUA DE LUNA** (tributo a Guaco). Entradas: 8€

venres 20 ás 22.30 h.: **LOS HOT CHOCOLATES**. Entradas: 10€

sábado 21 ás 23.00 h.: **ORQUESTA SONORIDAD**. Entradas: 10€/12€

domingo 22 ás 19.30 h.: II Concerto benéfico **ALUMNOS DAVID GAYOSO**. Entradas: gratis

luns 23 ás 22.00 h.: **TIMBABANA & FRIENDS**. Entradas: 10€

xoves 26 ás 22.00 h.: **LORA BAND**. Entradas: 7€

venres 27 ás 23.00 h.: **GARUFA BLUE DEVILS BIG BAND**. Entradas: 12€

sábado 28 ás 23.00 h.: **SON DE CAMAGÜEY**. Entradas: 10€

domingo 29 ás 20.00 h.: **SABINARIA**. Entradas: 8€

Jazz Filloa. R/ Cega, s/n (15003 – A Coruña)

www.facebook.com/Filloa-Jazz-Club

xoves 19, pases ás 22.00 e 23.00 h.: **SEOANE/VERDE QUARTET**. Entradas: 8€/10€

xoves 26, pases ás 22.00 e 23.00 h.: **AMOEBAS SPLIT**. Entradas: 8€

venres 27, pases ás 22.00 e 23.00 h.: **KOTKA**. Entradas: 7€

domingo 29 ás 21.00 h.: **TURMA CAIPIRA** (10º aniversario). Entradas: 8€

Axudas para participar no programa “Recuperación e Utilización Educativa de Pobos Abandonados”

O Ministerio de Educación e Formación Profesional convoca axudas para participar no programa nacional "Recuperación e Utilización Educativa de Pobos Abandonados" durante a primavera do período lectivo de 2020.

Convócanse bolsas para un máximo de 56 grupos de centros docentes españois, compostos por 20 a 25 alumnos acompañados por 2 profesores dos que habitualmente lles imparten clase, incluíndo se é posible o titor

CANDO: durante a primavera do período lectivo de 2020 coa seguinte distribución temporal:

- Alumnado de 3º e 4º de ESO e de FP Básica, entre o 19 de abril e o 23 de maio de 2020.
- Alumnado de Ciclos formativos de Grao Medio de FP, Ciclos formativos de Grao Medio de Ensinos Artísticos e Bacharelato, entre o 15 de marzo e o 14 de abril de 2020

LUGAR: as actividades desenvolveranse en Búbal (Huesca), Granadilla (Cáceres) e Umbralejo (Guadalaxara)

INSCRIPCIÓNS: ata o **20/01/2020**, a través do formulario accesible na sede electrónica do Ministerio de Educación e FP www.educacionyfp.gob.es

REQUISITOS:

- Cursar en centros educativos españois 3º e 4º de ESO, FP Básica, ciclos formativos de grao medio de FP, ciclos formativos de grao medio de Ensinos Artísticos ou Bacharelato.
- O alumnado que desexe participar na actividade, deberá solicitalo a través da Dirección do seu centro, formando grupos de 20 a 25 alumnos, que serán acompañados por dous profesores dos que habitualmente lles imparten clase, incluíndo se é posible un titor. Deberán presentar un proxecto de participación orixinal e específico para esta convocatoria e adaptado ao nivel educativo do grupo de alumnos para o solicitase

DOTACIÓN: participación gratuíta na actividade.

O traslado das persoas participantes desde o seu lugar de orixe ata o pobo asignado e viceversa, non está incluído nas bolsas.

MÁIS INFORMACIÓN:

Ministerio de Educación e FP

Los Madrazo, 15 (28014 - Madrid)

Tel.: 91 701 83 71 e 91 701 80 73


Correo-e: programas@educacion.gob.es

WEB: www.educacionyfp.gob.es

PUBLICACIÓN: [BOE 12/12/2019](https://www.boe.es/boe-2019-12-12)

Base de Datos Nacional de

Subvencións: [BDNS\(Identif.\): 485204](https://bdns.educacionyfp.gob.es/)



Axudas para participar no programa nacional “Centros de Educación Ambiental”

O Ministerio de Educación e Formación Profesional convoca 1.104 axudas para participar no programa educativo “Centros de Educación Ambiental”, dirixido a alumnado de centros docentes que curse 5º e 6º de Educación Primaria, Educación Secundaria Obrigatoria e FP Básica

LUGAR: as actividades desenvolveranse en Villardeciervos (Zamora) e Viérnoles (Cantabria).

CANDO: convócanse axudas para un máximo de 48 grupos na seguinte distribución por niveis educativos:

- Alumnos de 5º e 6º de Educación Primaria:
 - Villardeciervos na primavera: 4 quendas semanais entre o 27 de abril e o 22 de maio de 2020.
 - Villardeciervos e Viérnoles no outono: 4 quendas semanais entre o 28 de setembro e o 23 de outubro de 2020.
- Alumnos de 1º e 2º de ESO:
 - Villardeciervos na primavera: 2 quendas semanais entre o 30 de marzo e o 3 de abril, e entre o 20 e o 24 de abril de 2020.
 - Villardeciervos e Viérnoles no outono: 2 quendas semanais entre o 26 de outubro e o 6 de novembro do 2020.
- Alumnos de 3º e 4º de ESO e FP Básica:
 - Villardeciervos na primavera: 2 quendas semanais entre o 16 e o 27 de marzo de 2020.
 - Villardeciervos e Viérnoles no outono: 2 quendas semanais entre o 9 e o 20 de novembro do 2020.

**Con respecto aos grupos de alumnos que opten por participar no período de outono do curso 2020/21, os centros deberán ter en conta ao formular a solicitude o nivel de estudos que terán os alumnos no período de realización das actividades*

INSCRIPCIÓN: ata o **20/01/2020**, a través do formulario accesible na sede electrónica do Ministerio de Educación e FP www.educacionyfp.gob.es

REQUISITOS:

- Cursar 5º e 6º de Educación Primaria, ESO ou FP Básica en centros docentes españois.
- O alumnado que desexe participar nesta actividade, deberá solicitalo a través da Dirección do seu centro, formando grupos de 20 a 23 alumnos, que serán acompañados por 2 profesores dos que habitualmente lles imparten clase, incluíndo se é posible un titor, e presentar un proxecto de participación específico para esta convocatoria e o nivel educativo do grupo de alumnos solicitado.

DOTACIÓN: participación gratuíta na actividade.

O traslado das persoas participantes desde o seu lugar de orixe ata o Centro de Educación Ambiental e viceversa, non está incluído nas axudas.

MÁIS INFORMACIÓN:

Ministerio de Educación e FP

Los Madrazo, 15 (28014 - Madrid)

Tel.: 910 837 937


Correo-e: programas@educacion.gob.es

WEB: www.educacionyfp.gob.es

PUBLICACIÓN: [BOE 12/12/2019](https://www.boe.es/boe-2019-12-12)

Base de Datos Nacional de

Subvencions: [BDNS\(Identif.\): 485200](https://bdns.educacionyfp.gob.es/)



Actividades socioculturais no Centros Cívicos Municipais: convocatoria xaneiro 2020

O Concello da Coruña abre o prazo de inscrición para participar nos obradoiros e actividades dos Centros Cívicos Municipais durante o primeiro semestre de 2020.

A programación contempla actividades para todos os sectores de idade: infancia, mocidade, actividades interxeracionais e persoas maiores

En www.coruna.gal/servizossociais pódense consultar as actividades que oferta cada centro cívico:

- [C.C. A Silva](#)
- [C.C. Artesáns](#)
- [C.C. Castrillón](#)
- [C.C. Castro Elviña](#)
- [C.C. Cidade Vella](#)
- [C.C. Eiris](#)
- [C.C. Elviña](#)
- [C.C. Feáns](#)
- [C.C. Labañou](#)
- [C.C. Os Rosales](#)
- [C.C. Mesoiro](#)
- [C.C. Monelos](#)
- [C.C. Monte Alto](#)
- [C.C. Novoboandanza](#)
- [C.C. Os Mallos](#)
- [C.C. Palavea](#)
- [C.C. Pescadores](#)
- [C.C. San Diego](#)
- [C.C. San Pedro de Visma](#)
- [C.C. Santa Margarita](#)
- [C.C. Sagrada Familia](#)



CALENDARIO E PROCEDEMENTO DE PREINSCRICIÓN E MATRÍCULA:

- **Preinscrición:** 19, 20 e 21 de decembro de 2019 de 10:30 a 13:30 e de 17:00 a 20:00 h. **no centro cívico** onde se desexa realizar a actividade
- **Sorteo público:** 21 de decembro ás 20:15 h. en cada centro cívico
- Publicación das **listaxes** de admisións e de espera: 15 de xaneiro nos centros cívicos, na web www.coruna.gal/serviciosociales e teléfono de Información Cidadá 010.
- **Matriculación:** 21, 22 e 23 de xaneiro de 2020 de 10:30 a 13:30 e de 17:00 a 20:00 h. en cada centro cívico
- **Inicio dos talleres:** as actividades darán comezo a semana do 27 de xaneiro de 2020

REQUISITOS:

- Cumprir a idade requerida para cada actividade
- Cada solicitante poderá presentar un único impreso de solicitude por centro cívico, e en cada impreso poderanse solicitar un máximo de 3 actividades.

PREZO:

- Talleres ou actividades de 1 día/semana: 7 €
 - Talleres ou actividades de 2 días/semana: 11 €
- *tamén se ofertan talleres ou actividades de balde.*

MÁIS INFORMACIÓN:

[Rede de Centros Cívicos Municipais](#)

Tel. Información Cidadá: **010**

Web: www.coruna.gal/servizossociais

CURSOS

Curso de mediación no ámbito educativo

O Centro UNED da Coruña organiza este curso, que forma parte do programa formativo no ciclo de Mediación para o curso 2019-2020.

Trátase dunha actividade adecuada para coñecer o proceso de mediación e a súa aplicación en conflitos nos que interveñen menores, e é especialmente útil para aprender a resolver este tipo de conflitos dunha maneira eficaz e pacífica, xerando un bo clima de convivencia no que educar e potenciando as habilidades persoais e sociais do alumnado.

Ademais de proporcionar a formación teórica indispensable para o exercicio dunha boa mediación, realizaranse exercicios e simulacións que permitan poñer en práctica os coñecementos adquiridos e desenvolver as habilidades e técnicas necesarias para unha mediación de calidade.

Imparte Rosa Sánchez González-Dans (Abogada e Máster en Mediación)

CANDO: do 10 ao 23 de xaneiro de 2020 (*pódese escoller entre modalidade presencial ou streaming*)

- venres 10: *Mediación e conflito no ámbito educativo*
- venres, 17: *Intervencións en supostos de acoso escolar*
- xoves 23: *Caso práctico*

HORARIO: de 16:30 h a 20:30 h

LUGAR: pódese optar pola modalidade presencial (na sede UNED Coruña) ou modalidade en liña (emisión en directo)

INSCRIPCIÓN: online en <https://extension.uned.es/actividad/20102>

REQUISITOS:

- Ser maior de 18 anos
- Dirixido ao público en xeral, aínda que especialmente orientado a estudantes do ámbito social (Educación, Psicología, Traballo Social...) e profesionais que traballan con menores y familias

PREZO: 60 € (*50 € matrícula bonificada*)

LUGAR / INFORMACIÓN:

UNED A Coruña

R/ Educación, 3 (15011 - A Coruña)

Tel.: 981 145 051

correo-e: info@a-coruna.uned.es

web: www.acoruna.uned.es



CONCURSOS

Concurso de fotografía #NadalenTranvias

A Compañía de Tranvías da Coruña, S.A. organiza un concurso de fotografía durante o período do Nadal 2019/2020 que se desenvolverá a través das redes sociais Instagram, Twitter e Facebook.

INSCRICIÓNS: ata o 06/01/2020

REQUISITOS:

- Persoas maiores de 18 anos ou menores coa autorización do pai, nai ou titor legal e conten con calquera dispositivo que tome fotografías dixitais.
- O obxectivo é mostrar o ambiente do Nadal da Coruña ou emocións vinculadas á tempada de Nadal, valorándose especialmente que exista unha relación co servizo público de transporte urbano da Coruña ou ben da mobilidade sustentable.
- As/os usuarias/os deberán subir a súa foto ao seu perfil de Instagram, Twitter ou Facebook cunha pequena descrición e o hashtag #NadalenTranvias5. As persoas que non teñan conta en Instagram, Twitter ou Facebook, poderán enviar as súas fotos por correo-e a correo@tranviascoruna.com indicando no asunto "Concurso fotografía", e a Compañía de Tranvías da Coruña poderá publicalas nos seus perfís e entrarán igualmente no concurso (é imprescindible incluír un pé de foto coa descrición da mesma e o hashtag indicado)

DOTACIÓN: 1 cheque regalo do Corte Inglés de 350€ para o 1º premio e de 200€ para os Accésits + vale de 20 viaxes no bus + bolsa-mochila co logo de tranvías

MÁIS INFORMACIÓN:

Compañía de Tranvías da Coruña, S.A.

Carretera dos Fortes, 4 (15011 - A Coruña)

Tel.: 981 250 100

Email: correo@tranviascoruna.com

Web: www.tranviascoruna.com/nadalentranvias5



XV Premio de Narración Curta "Diario marciano"

O Premio de Narración Curta do Concello de Curtis lanza na súa XV edición un reto literario "doutro planeta".

INSCRICIÓNS: ata o 20/04/2020

REQUISITOS:

- 2 categorías de participación: Categoría A (a partir dos 12 anos) e Categoría B (de 18 anos en diante)
- Tema: "Diario marciano. Queridx concursante extraterrestre, cóntanos que che parece este mundo". O punto de partida é: un extraterrestre chega ao noso planeta e pon por escrito as súas impresións sobre o que aquí acontece. O/a extraterrestre es ti, e es libre para retratar os aspectos que queiras desta sociedade.
- Os traballos deberán estar escritos en lingua galega, en formato Word e cunha extensión comprendida entre os 3.000 e 5.000 caracteres, espazos incluídos. Deberán ser orixinais, inéditos e non premiados en ningún outro certame (enviaranse por correo-e a relatoscurtis@gmail.com)

DOTACIÓN:

- Categoría A: 1º premio: 200 € / 2º premio: 100 €
- Categoría B: 1º premio: 350 € / 2º premio: 150 €

MÁIS INFORMACIÓN:

Concello de Curtis

Praza de España, s/n (15310 – Teixeira, A Coruña)

Tel: 651 046 603

Email: relatoscurtis@gmail.com

Web: www.curtis.gal

*DOCUMENTO: [Bases completas \(1 MB\)](#)



Recollida de xoguetes en Cáritas

Cáritas abre un ano máis a campaña de recollida de xoguetes novos de cara ás próximas festas de Nadal

CANDO: ata o 27 de decembro de 2019

LUGAR: a entrega de xoguetes poderá facerse nos seguintes lugares:

- Almacén de Cáritas na Rúa San Isidoro, 58-60**
(15007 - A Coruña), os **martes e xoves de 11.30 a 13.00 h.**
- Centros comerciais colaboradores (*consultar coa coordinadora, Angeles Ferreiro: tel. 981 235 789 ou 678559 045*)

MÁIS INFORMACIÓN:

Cáritas Interparroquial A Coruña Centro Hogar: R/ Reyes Magos, 12
(15007 - A Coruña)

correo-e: centrohogar.cicoruna@caritas.es

tel.: 981 235 789 / 678 559 045

www.caritascoruna.org

*DOCUMENTO: [.pdf campaña \(395 KB\)](#)



Sorteo dunha fin de semana de esquí en Manzaneda

A D.X. Xuventude, Voluntariado e Participación sortea unha fin de semana de esquí en Manzaneda para aquelas persoas que sexan titulares do carné xove.

Sortean un pack para 2 persoas na Estación de Montaña de Manzaneda que inclúe: 2 noites en habitación dobre en pensión completa + 2 días de forfait + 2 días de alugueiro de material de esquí.

CANDO: en temporada de inverno, segundo dispoñibilidade

INCRICIÓN: ata o 09/01/2020 ás 9.00 h. en www.xuventude.net

REQUISITOS:

- Dispoñer de carné xove en vigor
- Cubrir e enviar o [formulario](#) de participación online antes do fin de prazo (as 9.00 h do 9 de xaneiro de 2020)

MÁIS INFORMACIÓN

D.X. Xuventude, Voluntariado e Participación

Tel.: 881 997 606

Correo-e: informacion.xuventude@xunta.gal

Web: www.xuventude.net



Grupos de Apoio Mutuo no Espazo Diverso

O Espazo Municipal das Diversidades Sexuais e Identidades de Xénero, Espazo Diverso, promove a creación de grupos de apoio mutuo con diferentes perfís entre a poboación LGTBQI:

- Grupo mozes, mozas e mozos trans
- Grupo familiares mozas e mozos trans
- Grupo familiares menores les-bi-gais
- Grupo interxeracional LGTBQI
- Grupo (...)

A configuración e posta en marcha dos grupos farase en función da demanda e necesidades das persoas apuntadas.

PREZO: gratuito

LUGAR / INFORMACIÓN:

Espazo Diverso

C.C.M. Cidade Vella. R/ Veeduría, 2 (15001 - A Coruña)

Tel.: 981 189 889 - Correo-e: espazodiverso@coruna.es

Web: www.coruna.gal/igualdade

